

## **PROCESO DE ADMISIÓN. 1ª FASE: SOLICITUDE DE RESERVA PARA O CURSO 2024/25 (ESO E BAC)**

Solicitud de reserva de praza para alumnado procedente dos centros adscritos:

**CEIP PLURILINGÜE DE MONTERROSO  
CEIP PLURILINGÜE DE ANTAS DE ULLA**

**Prazo:** do 15 de xaneiro ao 5 de febreiro, ambos os dous incluídos.

Realízase NO CENTRO DE ORIXE utilizando o Anexo I e Anexo I-bis (modelo ED550A)

## **PROCESO DE ADMISIÓN. 2ª FASE: SOLICITUDE ORDINARIA DE ADMISIÓN PARA ALUMNADO DE CENTROS NON ADSCRITOS.**

**Prazo:** do 1 ao 20 de marzo de 2024.

### **SOLICITUDES**

**3.1 Os modelos ED550A e ED550B (reserva e admisión ordinaria)** e os respectivos anexos estarán dispoñibles a partir da data de inicio do correspondente prazo de presentación: na aplicación admisionalumnado, na sede electrónica da Xunta de Galicia e nos centros docentes onde se facilitará, de forma gratuíta, unha copia en papel ás persoas interesadas que a soliciten.

**3.2. Forma de presentación: electrónica e presencial.**

**a) Presentación electrónica de solicitudes (ED550A e ED550B):**

1º. A persoa solicitante ten que acceder á aplicación informática admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumando>) e cubrir o modelo ED550A - anexo I ou o modelo ED550B – anexo II, para o que necesariamente ten que dispoñer dun certificado de identidade e sinatura dixital (como o certificado da Fábrica Nacional de Moneda e Timbre ou calquera outro admitido pola sede) ou un sistema de usuario e clave como a Chave365.

2º. Ademais, terán que cubrir o modelo anexo I-bis ou o modelo anexo II-bis (comprobación de datos e consentimento), segundo corresponda, imprimilo, e unha vez asinado de forma manual pola outra persoa proxenitora, titora ou acollidora, escanealo.

3º. A seguir, a aplicación permite conectar coa sede electrónica da Xunta de Galicia para asinar e presentar a solicitude utilizando calquera dos medios de identidade e sinatura do punto 1º. Xunto coa solicitude deberá achegar o anexo I-bis ou o anexo II-bis e o resto de documentación que, de ser o caso, fose precisa (libro de familia, sentenza de separación, documentación acreditativa do alumnado con necesidades específicas,...).

4º. O xustificante da presentación electrónica da solicitude (ED550A ou ED550B) só se xera cando a persoa a asine e a presente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, e indica a data de presentación.

5º No caso de solicitudes de admisión (ED550B), o número que aleatoriamente lle asignou aplicación admisionalumnado no momento da súa gravación (que se terá en conta, de ser o caso, para desempatar) poderá consultarse, xunto co estado de tramitación da solicitude, na devandita aplicación.

#### **b) Presentación presencial de solicitudes (ED550A e ED550B):**

1º. A solicitude de reserva (ED550A) e o anexo I-bis, pode presentarse no centro docente no que estea matriculado nese momento o alumnado; e a solicitude de admisión ordinaria (ED550B) e o anexo II-bis, no centro docente indicado en primeiro lugar. En ambos casos, tamén se poden presentar en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2º. Tamén deberá ir acompañada da documentación indicada no anterior punto 3º da letra a).

3º. A asignación aleatoria do número para os efectos de desempate, prodúcese no momento da gravación da solicitude na aplicación admisionalumnado por parte do centro. Polo tanto, se a gravación é

simultánea á presentación, o centro entrégalle á persoa solicitante o xustificante xerado na aplicación, que indicará a data de presentación da solicitude e o número aleatorio asignado. Se por motivos organizativos ou de xestión do centro, a gravación ten lugar nun momento posterior á presentación, entregaráselle un xustificante no que constará a data de presentación e selo do centro. Cando o número de solicitudes sexa superior ao de postos ofertados, as persoas interesadas poderán consultar o número aleatorio asignado pola aplicación **na listaxe que se publique o 21 de marzo de 2024**.

En todo caso, tanto este número como o estado de tramitación das solicitudes, poderán consultarse en calquera momento na aplicación admisionalumnado, mediante certificado dixital ou Chave 365.

3.3. Os centros tramitarán todas as solicitudes presentadas en prazo (1-20 de marzo), aínda que nese momento non existan vacantes.